concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldía Accidental pregunta se hai intervencións.

A voceira do PSdG-PSOE toma a palabra para sinalar que estiveron revisando o proxecto e non atopan que se vaia actuar no cemiterio civil. E considera que sería unha actuación moi necesaria. A ver se é posible incluír esta actuación nalgún momento.

O Alcalde Accidental sinala que neste proxecto non cre que sexa posible. Pero intentarán meter esa actuación noutro proxecto.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por nove (9) votos a favor (emitidos polos concelleiros do GPM do PP e PSdG-PSOE) e unha (1) abstención (emitida polo concelleiro do Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:**

***Asunto***: *Solicitude de acceso ao Fondo de Cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en Concellos de menos de 50.000 habitantes, co obxecto de financiar o seguinte investimento:* ***Melloras no entorno da igrexa de San Xoán de Lousame***
***Expediente:*** *2022/A008/000051*

"O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, adopta o mesmo baseado nos seguintes antecedentes administrativos e fundamentos xurídicos.

Vista a Resolución do 17/06/2022 do IGVS pola que se convoca para a anualidade 2022 o acceso ao Fondo de Cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (DOG núm. 124 do 30/06/2022).

Vista a Memoria valorada da actuación denominada "Melloras no entorno da Igrexa de San Xoán de Lousame", do 29.09.2022, cun orzamento total de 66.334,11 € e prazo de execución de 3 meses.

Visto o informe da Intervención núm. 198/2022 do 20/10/2022 relativo á proposta do prazo de reposición da cantidade solicitada, de acordo co principio de sustentabilidade financeira.

Este Pleno Corporativo ACORDA:

**Primeiro**: Solicitar o acceso ao Fondo de Cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes, para a actuación denominada "**Melloras no entorno da igrexa de San Xoán de Lousame**" cun orzamento total de 66.334,11 €.

**Segundo**: Solicitar o importe total da valoración recollida na memoria da actuación "Melloras no entorno da igrexa de San Xoán de Lousame ", asinada dixitalmente na data 29/09/2022, é dicir, **66.334,11** €.

**Terceiro:** O prazo de reposición da cantidade solicitada será de oito (8) anos, tal e como se recolle no informe da interventora municipal do 20/10/2022, co seguinte cadro de amortización:

| Anualidade | Amortización | Capital pendente |
|---|---|---|
| 2023 | 8.291,76 | 58.042,35 |
| 2024 | 8.291,76 | 49.750,59 |



FIRMADO POR PAULA ARES OTERO - 76777101L (FECHA: 31/10/2022 10:57:44) , RAMON MANUEL MARTINEZ RIAL (FECHA: 31/10/2022 11:07:07)
Versión imprimible

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

| | | |
|---|---|---|
| 2025 | 8.291,76 | 41.458,83 |
| 2026 | 8.291,76 | 33.167,07 |
| 2027 | 8.291,76 | 24.875,31 |
| 2028 | 8.291,76 | 16.583,55 |
| 2029 | 8.291,76 | 8.291,79 |
| 2030 | 8.291,79 | 0,00 |

**Cuarto**: Designar á Alcaldesa do Concello de Lousame para o todo relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

**Quinto:** Comprometerse a permitir a compensación e retención das achegas vencidas e non ingresadas con cargo ao Fondo de Cooperación Local, no caso de que non se reintegren as cantidades nos prazos previstos na resolución e no posterior convenio de financiamento.

**Sexto:** Comprometerse a incluír nos orzamentos dos exercicios seguintes, con cargo aos ingresos correntes, os importes das anualidades previstas na resolución e no posterior convenio de financiamento.

**Sétimo:** Comprometerse a non compensar as amortizacións pendentes coas contías que, por calquera outro concepto, puidese debernos a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou entidades públicas instrumentais pertencentes ao seu sector público"

## 5) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DE ACCESO AO FONDO DE COOPERACIÓN PARA FINANCIAR ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN DO PATRIMONIO EN CONCELLO DE MENOS DE 50.000 HABITANTES: PAVIMENTACIÓN NO NÚCLEO DE CAMBOÑO



A Presidencia da conta da proposta de acordo que se somete a aprobación, que é a que de seguido se indica:

***Asunto**: Solicitude de acceso ao Fondo de Cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en Concellos de menos de 50.000 habitantes, co obxecto de financiar o seguinte investimento:* ***Pavimentación núcleo de Camboño***
***Expediente:** 2022/A008/000050*

**PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO CORPORATIVO:**

"O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, adopta o mesmo baseado nos seguintes antecedentes administrativos e fundamentos xurídicos.

Vista a Resolución do 17/06/2022 do IGVS pola que se convoca para a anualidade 2022 o acceso ao Fondo de Cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (DOG núm. 124 do 30/06/2022).

Vista a Memoria valorada da actuación denominada "Pavimentación núcleo de Camboño", do 28.09.2022, cun orzamento total de 210.174,25 € € e prazo de execución de 6 meses.

Visto que o Concello ten previsto acadar financiamento para a execución do 70% do dito investimento, grazas á tramitación dunha subvención autonómica en proceso de tramitación. Pero que precisa obter financiamento para a achega municipal, que supón o 30% do investimento, alcanzando os 63.052,27 €.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR PAULA ARES OTERO - 76777101L (FECHA: 31/10/2022 10:57:44) , RAMON MANUEL MARTINEZ RIAL (FECHA: 31/10/2022 11:07:07)
Versión imprimible

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Visto o informe da Intervención núm. 199/2022 do 20/10/2022 relativo á proposta do prazo de reposición da cantidade solicitada, de acordo co principio de sustentabilidade financeira.

Este Pleno Corporativo ACORDA:

**Primeiro**: Solicitar o acceso ao Fondo de Cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes, para a actuación denominada "**Pavimentación núcleo de Camboño**" cun orzamento total de 210.174,25 €.

**Segundo**: Solicitar o 30% da valoración recollida na memoria da actuación "Pavimentación núcleo de Camboño", asinada dixitalmente na data 28/09/2022, é dicir, **63.052,27** €.

**Terceiro:** O prazo de reposición da cantidade solicitada será de oito (8) anos, tal e como se recolle no informe da interventora municipal do 20/10/2022, co seguinte cadro de amortización:

| Anualidade | Amortización | Capital pendente |
|---|---|---|
| 2023 | 7.881,53 | 55.170,74 |
| 2024 | 7.881,53 | 47.289,21 |
| 2025 | 7.881,53 | 39.407,68 |
| 2026 | 7.881,53 | 31.526,15 |
| 2027 | 7.881,53 | 23.644,62 |
| 2028 | 7.881,53 | 15.763,09 |
| 2029 | 7.881,53 | 7.881,56 |
| 2030 | 7.881,56 | 0,00 |

**Cuarto**: Designar á Alcaldesa do Concello de Lousame para o todo relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

**Quinto:** Comprometerse a permitir a compensación e retención das achegas vencidas e non ingresadas con cargo ao Fondo de Cooperación Local, no caso de que non se reintegren as cantidades nos prazos previstos na resolución e no posterior convenio de financiamento.

**Sexto:** Comprometerse a incluír nos orzamentos dos exercicios seguintes, con cargo aos ingresos correntes, os importes das anualidades previstas na resolución e no posterior convenio de financiamento.

**Sétimo:** Comprometerse a non compensar as amortizacións pendentes coas contías que, por calquera outro concepto, puidese debernos a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou entidades públicas instrumentais pertencentes ao seu sector público"

Lousame, na data da sinatura dixital.

A Alcaldesa, Mª Teresa Villaverde Pais

A Alcaldía Accidental toma a palabra para contestarlle ao voceiro do Grupo Mixto. Nesta concreta obra solicítase financiamento para o 30% do investimento, que ten un importe total 210.174,25 €. Esta é a mala xestión do equipo de goberno municipal. Pide 63.000 euros para facer unha obra 210.000. Espero que os veciños o teñan en conta, xa que esta obra de 210.000 euros custaríalle ao Concello 7.800 euros ao ano durante 8 anos. E sería unha actuación da que xa estarían desfrutando no ano 2023. Se iso é mala xestión...

O voceiro do Grupo Mixto si considera que é unha mala xestión, dende o momento que o equipo de goberno asina un convenio coa Xunta de Galicia para facer un investimento e non teñen a achega municipal. Esa é a mala xestión.

O Alcalde Accidental dille ao voceiro do Grupo Mixto que non se preocupe; que si van a ter a achega municipal. E os veciños van poder desfrutar desa obra.



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR PAULA ARES OTERO - 76777101L (FECHA: 31/10/2022 10:57:44) , RAMON MANUEL MARTINEZ RIAL (FECHA: 31/10/2022 11:07:07)
Versión imprimible

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O voceiro do Grupo Mixto engade que a costa de endeudalos.

O Alcalde Accidental sinala que os endeuda cun préstamo sen xuros, a devolver en 8 anos.

O voceiro do Grupo Mixto comenta que logo oe como o equipo de goberno se queixa de que Lousame é un Concello pequeno con poucos recursos e que non pode facer nada. E por iso nos endeudamos máis. Para que diminúan os recursos que temos ano a ano, xa que os teremos que destinar ao pagamento do que teñamos que devolver.

Para o Alcalde Accidental o que está claro é que o quere o voceiro do Grupo Mixto é que os veciños estiveran durante 8 anos sen ter estas importantes melloras, mentres que o Concello xuntase os cartos para poder acometelas por si mesmo.

Non habendo máis intervencións, somete o asunto a votación.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por nove (9) votos a favor (emitidos polos concelleiros do GPM do PP e PSdG-PSOE) e unha (1) abstención (emitida polo concelleiro do Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:**

***Asunto**: Solicitude de acceso ao Fondo de Cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en Concellos de menos de 50.000 habitantes, co obxecto de financiar o seguinte investimento:* ***Pavimentación núcleo de Camboño***
***Expediente:*** *2022/A008/000050*

“O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, adopta o mesmo baseado nos seguintes antecedentes administrativos e fundamentos xurídicos. 14

Vista a Resolución do 17/06/2022 do IGVS pola que se convoca para a anualidade 2022 o acceso ao Fondo de Cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (DOG núm. 124 do 30/06/2022).

Vista a Memoria valorada da actuación denominada “Pavimentación núcleo de Camboño”, do 28.09.2022, cun orzamento total de 210.174,25 € € e prazo de execución de 6 meses.

Visto que o Concello ten previsto acadar financiamento para a execución do 70% do dito investimento, grazas á tramitación dunha subvención autonómica en proceso de tramitación. Pero que precisa obter financiamento para a achega municipal, que supón o 30% do investimento, alcanzando os 63.052,27 €.

Visto o informe da Intervención núm. 199/2022 do 20/10/2022 relativo á proposta do prazo de reposición da cantidade solicitada, de acordo co principio de sustentabilidade financeira.

Este Pleno Corporativo ACORDA:

**Primeiro**: Solicitar o acceso ao Fondo de Cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes, para a actuación denominada “**Pavimentación núcleo de Camboño**” cun orzamento total de 210.174,25 €.

**Segundo**: Solicitar o 30% da valoración recollida na memoria da actuación “Pavimentación núcleo de Camboño“, asinada dixitalmente na data 28/09/2022, é dicir, **63.052,27** €.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR PAULA ARES OTERO - 76777101L (FECHA: 31/10/2022 10:57:44) , RAMON MANUEL MARTINEZ RIAL (FECHA: 31/10/2022 11:07:07)
Versión imprimible

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

**Terceiro:** O prazo de reposición da cantidade solicitada será de oito (8) anos, tal e como se recolle no informe da interventora municipal do 20/10/2022, co seguinte cadro de amortización:

| Anualidade | Amortización | Capital pendente |
|---|---|---|
| 2023 | 7.881,53 | 55.170,74 |
| 2024 | 7.881,53 | 47.289,21 |
| 2025 | 7.881,53 | 39.407,68 |
| 2026 | 7.881,53 | 31.526,15 |
| 2027 | 7.881,53 | 23.644,62 |
| 2028 | 7.881,53 | 15.763,09 |
| 2029 | 7.881,53 | 7.881,56 |
| 2030 | 7.881,56 | 0,00 |

**Cuarto**: Designar á Alcaldesa do Concello de Lousame para o todo relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

**Quinto:** Comprometerse a permitir a compensación e retención das achegas vencidas e non ingresadas con cargo ao Fondo de Cooperación Local, no caso de que non se reintegren as cantidades nos prazos previstos na resolución e no posterior convenio de financiamento.

**Sexto:** Comprometerse a incluír nos orzamentos dos exercicios seguintes, con cargo aos ingresos correntes, os importes das anualidades previstas na resolución e no posterior convenio de financiamento.

**Sétimo:** Comprometerse a non compensar as amortizacións pendentes coas contías que, por calquera outro concepto, puidese debernos a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou entidades públicas instrumentais pertencentes ao seu sector público"



## 6) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DE ACCESO AO FONDO DE COOPERACIÓN PARA FINANCIAR ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN DO PATRIMONIO EN CONCELLO DE MENOS DE 50.000 HABITANTES: REDUCIÓN DA CONTAMINACIÓN LUMÍNICA E MELLORA DA EFICIENCIA NOS ALUMEADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE LOUSAME

A Presidencia da conta da proposta de acordo que se somete a aprobación, que é a que de seguido se indica:

***Asunto**: Solicitude de acceso ao Fondo de Cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en Concellos de menos de 50.000 habitantes, co obxecto de financiar o seguinte investimento:* ***Redución de contaminación lumínica e mellora da eficiencia nos alumeados públicos do Concello de Lousame***
***Expediente:*** *2022/A008/000049*

**PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO CORPORATIVO:**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR PAULA ARES OTERO - 76777101L (FECHA: 31/10/2022 10:57:44) , RAMON MANUEL MARTINEZ RIAL (FECHA: 31/10/2022 11:07:07)
Versión imprimible

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

"O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, adopta o mesmo baseado nos seguintes antecedentes administrativos e fundamentos xurídicos.

Vista a Resolución do 17/06/2022 do IGVS pola que se convoca para a anualidade 2022 o acceso ao Fondo de Cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (DOG núm. 124 do 30/06/2022).

Vista a Memoria valorada da actuación denominada "Redución de contaminación lumínica e mellora da eficiencia nos alumeados públicos do Concello de Lousame", do 05.11.2021, cun orzamento total de 250.107 € e prazo de execución de 8 semanas.

Visto que o Concello ten previsto acadar financiamento para a execución do 85% do dito investimento, grazas á tramitación dunha subvención estatal en proceso de tramitación (Programa DUS 5000). Pero que precisa obter financiamento para a achega municipal, que supón o 15% do investimento, alcanzando os 37.516,05 €.

Visto o informe da Intervención núm. 200/2022 do 20/10/2022 relativo á proposta do prazo de reposición da cantidade solicitada, de acordo co principio de sustentabilidade financeira.

Este Pleno Corporativo ACORDA:

**Primeiro**: Solicitar o acceso ao Fondo de Cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes, para a actuación denominada **"Redución de contaminación lumínica e mellora da eficiencia nos alumeados públicos do Concello de Lousame"** cun orzamento total de 250.107,00 €.

**Segundo**: Solicitar o 15% da valoración recollida na memoria da actuación "Redución de contaminación lumínica e mellora da eficiencia nos alumeados públicos do Concello de Lousame", asinada dixitalmente na data 05/11/2021, é dicir, **37.516,05** €.

**Terceiro:** O prazo de reposición da cantidade solicitada será de oito (8) anos, tal e como se recolle no informe da interventora municipal do 20/10/2022, co seguinte cadro de amortización:

| Anualidade | Amortización | Capital pendente |
|---|---|---|
| 2023 | 4.689,51 | 32.826,54 |
| 2024 | 4.689,51 | 28.137,03 |
| 2025 | 4.689,51 | 23.447,52 |
| 2026 | 4.689,51 | 18.758,01 |
| 2027 | 4.689,51 | 14.068,50 |
| 2028 | 4.689,51 | 9.378,99 |
| 2029 | 4.689,51 | 4.689,48 |
| 2030 | 4.689,48 | 0,00 |



**Cuarto**: Designar á Alcaldesa do Concello de Lousame para o todo relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

**Quinto:** Comprometerse a permitir a compensación e retención das achegas vencidas e non ingresadas con cargo ao Fondo de Cooperación Local, no caso de que non se reintegren as cantidades nos prazos previstos na resolución e no posterior convenio de financiamento.

**Sexto:** Comprometerse a incluír nos orzamentos dos exercicios seguintes, con cargo aos ingresos correntes, os importes das anualidades previstas na resolución e no posterior convenio de financiamento.

**Sétimo:** Comprometerse a non compensar as amortizacións pendentes coas contías que, por calquera outro concepto, puidese debernos a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou entidades públicas instrumentais pertencentes ao seu sector público"

Lousame, na data da sinatura dixital.

A Alcaldesa, Mª Teresa Villaverde Pais

A Alcaldía Accidental pregunta se hai intervencións.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR PAULA ARES OTERO - 76777101L (FECHA: 31/10/2022 10:57:44) , RAMON MANUEL MARTINEZ RIAL (FECHA: 31/10/2022 11:07:07)
Versión imprimible

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A voceira do PSdG-PSOE toma a palabra para preguntar se esta obra é para complementar o que xa se pedira no seu momento para renovación lumínica.

O Alcalde Accidental sinala que é unha actuación que se vai realizar en Aldeagrande, en Marracín, na zona que quedou sen realizar, en Tállara... Pregúntalle á voceira do PSdG-PSOE se tivo ocasión de ver o proxecto.

Dona Beatriz González Bargo explica que si veu a documentación, pero quería preguntar se isto complementa ao que xa se pediu no seu momento. Se estamos ante o mesmo proxecto.

O Alcalde Accidental sinala que son proxectos independentes; o que sucede é que un e a continuación do outro. Acometemos unha renovación para aforro enerxético e agora imos a renovar outras zonas que non entraron na primeira actuación.

Voltando ao voceiro do Grupo Mixto, esta é a mala xestión do equipo de goberno. Porque grazas a pedir un préstamo de 37.000 euros vaise acometer unha obra de 250.000 euros e que ademais vai servir para aforrar mensualmente no consumo eléctrico do Concello. Porque o que este ano está custando a enerxía eléctrica é sangrante. E facer está obra no 2023 é non facela no 2024, nin no 2025, nin no 2026... E supón moitísimo aforro de enerxía eléctrica.

O voceiro do Grupo Mixto contesta que se o custo da luz é sangrante é culpa do Partido Popular, que foi quen vendeu as eléctricas. Vendeuna o BNG?

O Alcalde Accidental sinala que cando gobernaba o Partido Popular era culpable da suba da electricidade do 3%. E agora que non goberna tamén é o responsable o Partido Popular.

O voceiro do Grupo Mixto recrimínalle ao Alcalde Accidental que non se pode dicir que el non quere obras en Lousame. El o que quere son obras ben planificadas, e que non sexa necesario endebedar á Corporación. O ano que ven terán que devolver 30.000 euros, máis os préstamos da Deputación da Coruña, máis o que chegará do Estado...



O Alcalde Accidental contesta que o que o voceiro do Grupo Mixto quere está claro. Grazas a esta xestión o Concello de Lousame poderá acometer obras por valor de 600.000 €, e terá que devolver anualmente, durante 8 anos 30.000 €, sen ningún tipo de xuro. Se temos que esperar a que o voceiro do Grupo Mixto diga cando temos que facer as obras, mal se iría neste Concello.

O voceiro do Grupo Mixto comenta que isto se trata dun préstamo. E que os préstamos hainos que devolver. Neste Salón de Plenos díxose que non había que devolver os préstamos da Deputación. E iso é totalmente erróneo. Se cada día o equipo de goberno di unha cousa distinta para quedar ben diante dos veciños e porque estamos en eleccións... Por que non pediron estes préstamos os anos anteriores? Porque non ían ter levantado Lousame xusto antes das eleccións. Isto é o que pasa. Estades endeudando o Concello para seguir no sillón. Isto é o que teñen que saber os veciños. Que o Partido Popular está endeudándoos cada vez máis. Se collemos a débeda do 2017 e a débeda do 2022 vemos que se incrementou. A Alcaldesa cansouse de dicir que tíñamos débeda cero. Pero só con entidades bancarias. Agora sacamos a débeda cos bancos para metela en entidades públicas. Esta é a forma de xestionar do Partido Popular.

O Alcalde Accidental bromea dicindo que a xestión do Partido Popular é perversa. Trátase dunhas obras que se van realizar no 2023. As eleccións non duran todo o ano 2023. Oxalá puideran estar todas executadas ao longo do 2023. Oxalá estiveran xa todas feitas. Oxalá non houbera que facer melloras. Oxalá non tiveramos que investir en aforro enerxético. Oxalá fora todo un oxalá. Pero esa non é a realidade. A realidade é que hai que acometer estas obras e que temos que facelas cando podemos e cando temos a disposición o financiamento. Nós si que sabemos cal é a xestión que lle esperaría aos veciños de gobernar o voceiro do Grupo Mixto.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR PAULA ARES OTERO - 76777101L (FECHA: 31/10/2022 10:57:44) , RAMON MANUEL MARTINEZ RIAL (FECHA: 31/10/2022 11:07:07)
Versión imprimible

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por nove (9) votos a favor (emitidos polos concelleiros do GPM do PP e PSdG-PSOE) e unha (1) abstención (emitida polo concelleiro do Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:**

***Asunto***: *Solicitude de acceso ao Fondo de Cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en Concellos de menos de 50.000 habitantes, co obxecto de financiar o seguinte investimento:* ***Redución de contaminación lumínica e mellora da eficiencia nos alumeados públicos do Concello de Lousame***
***Expediente:*** *2022/A008/000049*

"O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, adopta o mesmo baseado nos seguintes antecedentes administrativos e fundamentos xurídicos.

Vista a Resolución do 17/06/2022 do IGVS pola que se convoca para a anualidade 2022 o acceso ao Fondo de Cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (DOG núm. 124 do 30/06/2022).

Vista a Memoria valorada da actuación denominada "Redución de contaminación lumínica e mellora da eficiencia nos alumeados públicos do Concello de Lousame", do 05.11.2021, cun orzamento total de 250.107 € e prazo de execución de 8 semanas.

Visto que o Concello ten previsto acadar financiamento para a execución do 85% do dito investimento, grazas á tramitación dunha subvención estatal en proceso de tramitación (Programa DUS 5000). Pero que precisa obter financiamento para a achega municipal, que supón o 15% do investimento, alcanzando os 37.516,05 €.



Visto o informe da Intervención núm. 200/2022 do 20/10/2022 relativo á proposta do prazo de reposición da cantidade solicitada, de acordo co principio de sustentabilidade financeira.

Este Pleno Corporativo ACORDA:

**Primeiro**: Solicitar o acceso ao Fondo de Cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes, para a actuación denominada **"Redución de contaminación lumínica e mellora da eficiencia nos alumeados públicos do Concello de Lousame"** cun orzamento total de 250.107,00 €.

**Segundo**: Solicitar o 15% da valoración recollida na memoria da actuación "Redución de contaminación lumínica e mellora da eficiencia nos alumeados públicos do Concello de Lousame", asinada dixitalmente na data 05/11/2021, é dicir, **37.516,05** €.

**Terceiro:** O prazo de reposición da cantidade solicitada será de oito (8) anos, tal e como se recolle no informe da interventora municipal do 20/10/2022, co seguinte cadro de amortización:

| Anualidade | Amortización | Capital pendente |
|---|---|---|
| 2023 | 4.689,51 | 32.826,54 |
| 2024 | 4.689,51 | 28.137,03 |
| 2025 | 4.689,51 | 23.447,52 |
| 2026 | 4.689,51 | 18.758,01 |

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR PAULA ARES OTERO - 76777101L (FECHA: 31/10/2022 10:57:44) , RAMON MANUEL MARTINEZ RIAL (FECHA: 31/10/2022 11:07:07)
Versión imprimible

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

| | | |
|---|---|---|
| 2027 | 4.689,51 | 14.068,50 |
| 2028 | 4.689,51 | 9.378,99 |
| 2029 | 4.689,51 | 4.689,48 |
| 2030 | 4.689,48 | 0,00 |

**Cuarto**: Designar á Alcaldesa do Concello de Lousame para o todo relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

**Quinto:** Comprometerse a permitir a compensación e retención das achegas vencidas e non ingresadas con cargo ao Fondo de Cooperación Local, no caso de que non se reintegren as cantidades nos prazos previstos na resolución e no posterior convenio de financiamento.

**Sexto:** Comprometerse a incluír nos orzamentos dos exercicios seguintes, con cargo aos ingresos correntes, os importes das anualidades previstas na resolución e no posterior convenio de financiamento.

**Sétimo:** Comprometerse a non compensar as amortizacións pendentes coas contías que, por calquera outro concepto, puidese debernos a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou entidades públicas instrumentais pertencentes ao seu sector público"

E non habendo outros asuntos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás vinte horas e cincuenta e cinco minutos (20:55 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo o Sr. Alcalde Accidental e da que eu, secretaria, dou fe.



O ALCALDE ACCIDENTAL — A SECRETARIA-INTERVENTORA

Ramón Manuel Martínez Rial — Paula Ares Otero

FIRMADO POR PAULA ARES OTERO - 76777101L (FECHA: 31/10/2022 10:57:44) , RAMON MANUEL MARTINEZ RIAL (FECHA: 31/10/2022 11:07:07)
Versión imprimible

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).